

# FONDO ARQUIVO CAPITULAR DIOCESANO DE TUI

## 1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

1.1. Código de referencia	ES.ACDT.36055
1.2. Título	<b>ARQUIVO CAPITULAR DIOCESANO DE TUI</b>
1.3. Datas	1071-2005
1.4. Nivel de descripción	FONDO
1.5. Volume e soporte	As unidades de instalación ocupan uns <b>150</b> metros lineais de estantes en soporte de pergamino e papel

## 2.- ÁREA DE CONTEXTO

2.1. Nome do produtor	Cabido da catedral de Tui
2.2. Historia institucional / Recensión biográfica	<p>A Diocese de Tui-Vigo está constituída por un relevo suave de terreo, inzado de pequenas elevacións; o mar baña a metade do seu territorio, sendo o río Miño o que estrutura a súa metade sur. O clima oceánico, con tendencia ás características mediterráneas, permite a variedade de cultivos. É co mundo “castrexo” cando van aparecendo as primeiras referencias históricas dunha comunicación que perdura nas inscricións. Roma chegará a este territorio tímidamente, coexistindo a avanzada cultura romana do dereito, a literatura e as artes, coa “cultura” castrexa. Durante o período tardo-románico (séculos IV-V) prodúcese un cambio social e económico na zona. Póboanse as costas con numerosas vilas e renacen as vellas “civitas”, coincidindo a implantación do cristianismo asemade coa do Imperio a partir do famoso edicto de Milán (313).</p> <p>Segundo a tradición o apóstolo Santiago evanxelizou a cidade de Tui e nomeou o seu primeiro bispo san Eptacio. Con todo, ata mediados do século VI non se ten certeza documental dos bispos tudenses. Gracias ó labor evanxelizador de San Martiño de Dumio o pobo galaico-suevo converteuse ó catolicismo e no ano 572 reuniuse o II Concilio de Braga, no que asina, como sufragáneo de Lugo, o bispo tudense Anila.</p> <p>Neste marco histórico nace de forma oficial a diocese de Tui cunha demarcación territorial, segundo o “Parroquial suevo” (ca. 572), comprendería dende a ría de Vigo deica o río Limia e dende as costas oceánicas ata as montañas da Galicia interior.</p> <p>A causa das invasións sarracenas e normandas os prelados tudenses víronse obrigados a residiren en Iria, Labruje (Portugal) e Ribas do Sil. Consta que o rei Ordoño II restaurou a diocese en 915 e aínda foi agregada a Santiago en 1024; nembargantes, unha vez despexadas as brétemas invasoras, dona Urraca fixo en 1071 a restauración definitiva. O bispo D. Jorge e os seus sucesores recibiron dos reis títulos e propiedades. Nun privilexio real de 1095 menciónanse os coengos da igrexa de San Bartolomeu de Rebordáns, o que pode considerarse como comezo do cabido tudense. O historiador Ávila y la Cueva fixa o 1138 como ano da creación do cabido polo bispo D. Pelayo, quen, ó fundar un mosteiro en Rebordáns, púxolle a regra de san Agustín, coa axuda de San Teotonio. O rei Fernando II trasladou a poboación en 1170 “a un lugar máis alto e máis seguro”, o emprazamento actual, e outorgoulle ó bispo novas doazóns, o que provocará conflitos entre o consello e a Igrexa tudense (bispos e cabido) ó disputárense o dominio temporal da cidade.</p> <p>Despois de case un século de traballos na construción do novo templo, por fin o bispo D. Esteban Egea consagra a catedral o 30 de novembro de 1225. Así o testemuña o sucesor, D. Lucas de Tui. A predicación, a mediados do século XIII, do dominico frei Pedro González impulsará unha auténtica revolución</p>

	<p>religiosa e social en todo o bispado. Á súa morte produciuse un rápido proceso de canonización popular, enumerándose poucos anos despois máis de 180 milagres, que confirmaban a santidad de vida do dominico.</p> <p>No século XIV prodúcese o esgazamento da metade sur da Diócese que se inserir en Portugal, adaptándose os límites diocesanos ós nacionais. Os feitos ocorren na crise do papado durante o chamado Cisma de Occidente; os coengos e vigairos con xurisdición en Portugal eran favorables á lexitimidade de Urbano VI, mentres que o bispo de Tui, D. Juan Fernández de Sotomayor, e os capitulares tudenses permaneceron leais a Clemente VII, o papa de Aviñón. Por fin, no ano 1452, consumouse a ruptura, pois a colexiata de Valença foi adscrita á diócese de Ceuta e posteriormente, no 1514, á de Braga, perdendo Tui a zona comprendida entre o río Miño e o Limia.</p> <p>O bispo D. Diego de Muros celebra no 1482 un sínodo e compón as constituicións de restauración da diócese, que máis tarde serían ampliadas por D. Pedro Beltrán e sobre todo por D. Diego de Avellaneda no sínodo de 1528. O Concilio de Trento supuxo a confirmación definitiva da reforma dos mencionados sínodos.</p> <p>A cultura liberal e ilustrada, que invadiu Europa no século XIX, tamén tivo a súa repercusión na Diócese tudense. E así, cando no 1813 foron abolidos os señoríos xurisdiccionais, o bispo e o cabido víronse obrigados a unha maior concentración na súa misión relixiosa. Tamén a desamortización de Mendizábal (1836) produciu o abandono na Diócese de importantes mosteiros, coma o de Santa María de Oia e o de Melón, e a perda dun patrimonio artístico e documental incalculable.</p> <p>No século décimonono, por outra parte, tivo un referente cultural sobranceiro na creación do Seminario Conciliar (1850) xa que impulsou a formación do clero diocesano, ofrecéndolles á vez unha brillante preparación a homes da política e da cultura. En 1859 o bispo nado en Tui, D. Telmo Maceira Pazos, puxo en marcha o “Boletín Elcesiástico del Obispado de Tui”, publicación na que aparecen as directrices diocesanas, artigos culturais e noticias relixiosas variadas. En 1959 o papa Juan XXIII pola bula “Quemadmodum impiger” concédelle a dobre titularidade “Tudensis-Vicensis” á Diócese, elevando a rango de concatedral o templo de Santa María de Vigo e trasladando a esta cidade a sé do bispo e maila do cabido. En outubro de 1970 foron creadas 14 novas parroquias no municipio de Vigo, co que a diocese a conforman arestora 276 pías parroquiais.</p>
<p>2.3. Historia arquivística</p>	<p>A salvagarda dos títulos de propiedade do cabido e da catedral fixo que o seu arquivo fora obxecto de especialísima custodia. Todo parece indicar que en tempos antigos a documentación se conservaba na sala capitular; e a máis prezada gardábase nun arcón de ferro (“burras”, chámanse en Portugal), o seu acceso era moi restrinxido, pois pechábase con tres chaves, que gardaban tres prebendados. Todo transcorría con certa normalidade ata que en 1809 as tropas de Napoleón ocuparon a cidade e o arquivo espallouse.</p> <p>A posterior recuperación do patrimonio bibliográfico e documental, que non se perdera, foi un labor lento e laborioso dos bispos e do cabido de Tui. En 1797, baixo o pontificado de D. Juan García Benito, construírse o pazo de contaduría, que pasados algúns anos sería a sede definitiva do Arquivo Capitular. Por 1923 o eminente investigador Pascual Galindo Romeo, catedrático da Universidade de Santiago e posteriormente da Central de Madrid, levou a cabo a redacción do catálogo dos documentos medievais co propósito de que se producise a súa inmediata publicación. O plano trazado polo profesor Galindo non se cumpriu pois o catálogo non se publicou, pero consérvanse as súas case mil fichas manuscritas, rigorosamente cubertas con referencias precisas á <i>Historia Sagrada</i> do Padre Flórez e a <i>Ávila y la Cueva</i>, nas que describe e identifica os catrocentos pergameos e diversas escrituras dos dous libros Tumbo da catedral e dos protocolos notariais. No ano 1987 os profesores Joám Trillo e Carlos Villanueva concluíron e publicaron o catálogo completo das composicións musicais da catedral tudense.</p> <p>En torno a 1983, para mellorar o ordenamento físico do arquivo capitular, habilitáronse novos estantes, e no 1994 o mesmo edificio acolleu tamén o Arquivo Histórico Diocesano.</p>

2.4. Forma de ingreso	Por transferencia directa.
-----------------------	----------------------------

### 3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

3.1. Alcance e contido	A documentación máis antiga sufriu tantos avatares, debido ás guerras e ás invasións, que non é posible calculalas perdas ocasionadas no devir dos séculos. Certamente, a mellor conservada foi aquela que dependía máis directamente do cabido, como son os libros de actas e os libros de apeos dos bens da mesa capitular.
3.2. Valoración, selección e eliminación	Non se fai ningún tipo de selección, a non ser para reclasificarlos documentos indebidamente incorporados nalgúns legaxos e libros.
3.3. Novos ingresos	Son escasos. Cabe mencionar os acordos do cabido e as copias dos proxectos e memorias que entrega o Plano Director da catedral.
3.4. Organización	<p><b>CADRO DE CLASIFICACIÓN</b></p> <p>1. ARQUIVO CAPITULAR</p> <p>1.1 Pergameos</p> <p>1.1.1. Privilexios, 1071-1480</p> <p>1.1.2. Bulas pontificias, 1438-1480</p> <p>1.1.3. Foros, 1071-1480</p> <p>1.1.4. Protocolos, 1323-1442</p> <p>1.2 Códices</p> <p>1.2.1. Pontifical iluminado, s. XIV</p> <p>1.2.2. Pasionario, s. XII-XIII</p> <p>1.2.3. Comentario ós salmos, s. XIV</p> <p>1.2.4. Cantorais, s. XV-XVIII</p> <p>1.2.5. Tumbos ou Becerros, s. XVI</p> <p>1.3 Cabido catedralicio</p> <p>1.3.1. Actas capitulares, 1559-1959</p> <p>1.3.2. Acordos espirituais, 1607-1846</p> <p>1.3.3. Libros sinodais (constituções), s. XV-XVIII</p> <p>1.3.4. Limpeza de sangue, 1720-1850</p> <p>1.3.5. Expedientes canonicais e beneficiais, 1575-1921</p> <p>1.3.6. Capelanías e obras pías, 1600-1750</p> <p>1.4 Haxiografía</p> <p>1.4.1. Proceso de San Telmo, 1725-1790</p> <p>1.4.2. Auténticas de reliquias, 1618-1936</p> <p>1.4.3. Cerimonial de Alcoba, 1615-1624</p> <p>1.5 Confrarías</p> <p>1.5.1. Santísimo Sacramento, 1723-1898</p> <p>1.5.2. Ánimas, 1665-1959</p> <p>1.5.3. Doce nome de Xesús, 1678-1812</p> <p>1.5.4. Virxe da Soidade, 1666-1961</p> <p>1.5.5. Virxe do Carme, 1731-1781</p> <p>1.5.6. Virxe das Dores, 1957-1966</p> <p>1.5.7. San Telmo, 1668-1989</p> <p>1.5.8. San Bieito, 1688-1959</p> <p>1.5.9. San Roque, 1682-1892</p> <p>1.5.10. San Crispín e Crispiniano, 1780-1883</p> <p>1.5.11. San Antón abade, 1916-1950</p> <p>1.6 Libros administrativos</p> <p>1.6.1. Libros de fábrica, 1783-1886</p> <p>1.6.2. Libros de contas, 1625-1927</p>

	<p>1.6.3. Inventarios, 1586-1828  1.6.4. Libros de colecturía, 1880-1920  1.6.5. Padroados, 1799-1960  1.6.6. Foros e décimos, 1559-1820</p> <p>1.7 Fundacións  1.7.1. Capelanías, 1600-1750  1.7.2. Obras pías e aniversarios, 1739-1799</p> <p>1.8 Documentación notarial  1.8.1. Protocolos notariais, 1334-1870  1.8.2. Preitos, 1730-1800</p> <p>1.9 Documentación musical, ss. XV-XIX  1.9.1. Libros de facistol (cantorais)  1.9.2. Libros de polifonía  1.9.3. Partituras</p> <p>1.10 Documentación cartográfica ss. XVII-XX  1.10.1. Mapas  1.10.2. Planos</p> <p>1.11 Misceláneas  1.11.1. Apuntes biográficos, s. XVIII  1.11.2. Manuscritos de Franciso Ávila y la Cueva, ca. 1850</p>
--	--

#### 4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

4.1. Condición de acceso	Os documentos están accesibles ós investigadores e a todo aquel que xustifique a súa utilización por motivos persoais. Deben atenderse as limitacións das leis vixentes e do Regulamento dos Arquivos Eclesiásticos Españóis.
4.2. Condición de reprodución	A reprodución está moi limitada para evitalo deterioro e garantir a integridade da documentación. Existen uns impresos para solicitar fotocopias e a reprodución dixital.
4.3. Lingua / escritura(s) dos documentos	Latín, galego e castelán.
4.4. Características físicas e requisitos técnicos	Pergameo e papel, cun bo estado de conservación. Aprécianse bastantes perdas de documentos.
4.5. Instrumentos de descrición	Ficheiro temático, guías e inventarios, parcialmente informatizados.

#### 5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

5.1. Existencia e localización dos documentos orixinais	Arquivo Histórico Nacional. Arquivo Historico Provincial. Museo de Pontevedra. Arquivo Histórico Diocesano. Arquivo da Curia Diocesano. Fundación Penzol.
5.2. Existencia e localización de copias	Non se coñecen.

5.3. Unidades de descripción relacionadas	Arquivo Vaticano. Arquivo Histórico Nacional. Museo de Pontevedra. Arquivo Capitular de Ourense. Arquivos parroquiais. Arquivo da Curia Diocesana.
5.4. Nota de publicacións	FRANCISO ÁVILA Y LA CUEVA, <i>Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su Obispado</i> , Tui 1852 [edición facsímil, 1995], 4 vol. PASCUAL GALINDO ROMEO, <i>Tuy en la baja Edad Media</i> (Zaragoza-Madrid 1923) HERMELINDO PORTELA SILVA, <i>La región del obispado de Tuy en los siglos XII AL XV</i> , Santiago de Compostela 1976. MARTA CENDÓN FERNÁNDEZ, <i>La catedral de Tuy en época medieval</i> , [Pontevedra 1995]. ERNESTO IGLESIAS ALMEIDA, <i>Arte y Artistas en la antigua Diócesis de Tui</i> , Tui 1989.

## 6.- ÁREA DE NOTAS

6.1. Notas	O Arquivo Capitular comparte sede co Arquivo Histórico Diocesano, e como poden considerarse arquivos vivos, a curto prazo quedará colapsado. Por iso informouse ó Plan Director da catedral da necesidade dun novo edificio ou da ampliación dos espazos do actual. Parece que os proxectos se decantan pola segunda opción.
------------	--

## 7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

7.1. Nota do arquivista	Avelino Bouzón Gallego, director. Roberto Fernández Díaz, auxiliar.
7.2. Regras ou normas	General International Standard Archival Description, Second Edition, ISAD (G)
7.3. Data da descripción	21 de febreiro de 2005